

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 36019232 | IES Monte da Vila | O Grove | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Física e química | 3º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 15 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 19 |

1. Introducción

Teranse en conta unha serie de características nesta programación:

1º. A materia de Física e Química impártese en dúas sesións semanais. Isto supón que, dependendo do reparto semanal das sesións, se poidan perder clases cando coincide algunha festividade ou actividade realizada polo centro, polo que ás veces se pode ver dificultado o proceso de ensino aprendizaxe ó romper o ritmo de traballo.

2º. A tipoloxía do alumnado dos últimos anos no centro caracterízase por un baixo nivel de rendemento de cara ós estudos, especialmente no que se refire ás tarefas de repaso na casa, motivado polo mal uso e o abuso que se fai de certas tecnoloxías dixitais como videoxogos, series en internet, chats, ... Isto supón que o alumnado estea esposto a un alto número de distractores que o alonxan dos asuntos académicos.

3º. Resulta habitual o interese amosado polo alumnado cara a materia, en especial cara os aspectos prácticos e manipulativos da mesma (proxectos e laboratorio).

4º. En 3º ESO a materia de Física e Química é obrigatoria, pero en 4º ESO xa non

Por todo isto os obxectivos principais para o presente curso son:

-Manter o interese polas materias do departamento: o alumnado, en xeral, amosa moito interese na Física e Química e iso é un bo comezo para mellorar as ganas de aprender aprofundando no coñecemento da materia e fomentando a continuidade do seu estudo en 4º ESO.

-Tentar incentivar ó alumnado a que incremente o número de horas semanais adicadas ó estudo, xa que é un dos principais problemas do centro.

Para tentar lograr os obxectivos propostos, unha das liñas de traballo será a de motivar ó alumnado á realización de proxectos experimentais así como á súa exposición e presentación durante a semana cultural denominada IES Monte da Vila "Monte das experiencias," que se ven realizando dende hai varios cursos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|----|-------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana. | 1 | | 1-2-4 | | 4 | | | |
| OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas. | 1-3 | | 1-2 | 1 | 4 | | 1 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas. | | | 4-5 | 3 | 2 | 1 | | 2-4 |
| OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe. | 2-3 | | 4 | 1-2 | 3 | | 3 | 4 |
| OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente. | 5 | 3 | 3-5 | 3 | 3 | 3 | 2 | |
| OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social. | | | 2-5 | 4 | 1-4 | 4 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Ciencia e medida | Nas ciencias experimentais, como son a Física e a Química, emprégase o método científico. Un dos pasos do método | 15 | 10 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Ciencia e medida | científico é a experimentación para o cal é preciso medir magnitudes e expresalas de xeito correcto, así como saber traballar en diferentes contornas de aprendizaxe como o laboratorio, respectando as normas de seguridade e convivencia, e valorando o xeito de traballar dos científicos para o progreso da ciencia. | 15 | 10 | X | | |
| 2 | O átomo | Nesta unidade o alumnado poderá ver a evolución dos modelos do átomo ó longo da historia así como as partículas das que está formado e a súa ordenación no sistema periódico. Analizaranse as características dos isótopos e a relevancia do núcleo atómico como fonte de enerxía. | 15 | 10 | X | | |
| 3 | Elementos e compostos | Nesta unidade analizaranse as características dos diferentes tipos de elementos químicos por separado, así como os posibles enlaces que se poden establecer entre eles e as propiedades das novas substancias formadas tras o enlace. Nomearanse os principais compostos químicos (compostos binarios e algunhas substancias ternarias) e calcularase as súas masas moleculares. | 20 | 16 | | X | |
| 4 | A reacción química | Nesta unidade revisarase a teoría dos choques moleculares para explicar as reaccións químicas así como os factores que poden modificar a velocidade dunha reacción. Escribiranse as fórmulas dos compostos químicos de xeito ordenado en ecuacións químicas, equilibraranse ditas ecuacións aplicando as leis básicas da Química e realizaranse cálculos básicos baseados nesas ecuacións. | 20 | 14 | | X | |
| 5 | Forzas eléctricas e magnéticas | Nesta unidade analizarase a electrización da materia como ganancia ou perda de electróns, estudarase o magnetismo, revisarase a lei de Coulomb como a forza que se establece entre corpos con carga eléctrica, e verase a relación entre a electricidade e o magnetismo como xeito de obter enerxía eléctrica. Tamén se aprenderá a simboloxía e o manexo de circuitos eléctricos básicos. | 15 | 10 | | | X |
| 6 | A enerxía | Nesta unidade revisaranse os diferentes tipos de enerxía e os xeitos nos que unha enerxía se pode transformar en outra. Finalmente analizarase como se pode obter, almacenar e aforrar a enerxía, as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes enerxéticas así como a súa repercusión na economía e no medio ambiente. | 15 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 1 | Ciencia e medida | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas. | Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses propoñendo os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas. | PE | 70 |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química (unidades de medida e ferramentas matemáticas precisas) permitindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | | |
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Seleccionar, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter respostas á natureza da pregunta formulada | TI | 30 |
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións. | Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de todos/as, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións. | | |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante. | Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes. | | |
| CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva. | Traballar con medios variados, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con mínimo criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva. | | |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia. | Establecer interaccións educativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade. | Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade. | | |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente. | Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que a ciencia ten repercusións na tecnoloxía, na sociedade e no medio ambiente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións. - Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | O átomo | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir das teorías e leis científicas, expresándoos de maneira argumentada. | PE | 70 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolver problemas relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis científicas, razoando os procedementos utilizados e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Comprender as metodoloxías da ciencia en fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través do traballo experimental. | TI | 30 |
| CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información sobre a estrutura de sistemas materiais, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | |
| CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando a comunicación científica. | | |
| CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción. | Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| - Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 3 | Elementos e compostos | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir das teorías e leis científicas, expresándoos de maneira argumentada. | PE | 70 |
| CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolver problemas relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis científicas, razoando os procedementos utilizados e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando a comunicación científica. | | |
| CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Comprender as metodoloxías da ciencia en fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través do traballo experimental. | TI | 30 |
| CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información sobre a estrutura de sistemas materiais, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | |
| CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción. | Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| - Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular. - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | A reacción química | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------|
| CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Identificar os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada. | PE | 70 |
| CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuir á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | TI | 30 |
| CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través do traballo experimental. | | |
| CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso concreto, extraendo o relevante para a resolución dun problema. | | |
| CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 5 | Forzas eléctricas e magnéticas | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes sobre a natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir das leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada. | PE | 70 |
| CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando leis adecuadas, razoando os procedementos utilizados e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | TI | 30 |
| CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Empregar as metodoloxías propias da ciencia en fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta co traballo experimental. | | |
| CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información sobre a natureza eléctrica da materia e da enerxía, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | |
| CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | | |
| CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns. | Detectar na contorna necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais importantes, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos/as. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6 | A enerxía | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|
| CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes sobre a natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir das leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada. | PE | 70 |
| CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando leis adecuadas, razoando os procedementos utilizados e expresando adecuadamente os resultados. | | |
| CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | TI | 30 |
| CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Empregar as metodoloxías propias da ciencia en fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta co traballo experimental. | | |
| CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información sobre a natureza eléctrica da materia e da enerxía, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | |
| CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|---|
| CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns. | Detectar na contorna necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais importantes, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos/as. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--------------------------------------------------------------------|
| - O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA. Neste sentido, e acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ó alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos e todas desenvolvan as destrezas características da ciencia.

Cómpre ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación, a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes, precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, nas unidades didácticas procurarase incluír: prácticas de laboratorio, experiencias en contornos virtuais, así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles (recóllense nas descrições das unidades didácticas). Guiados polo modelo DUA facilitarase que o alumnado poida participar en distintas actividades e distintos contornos.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos, que se axustará ó que é habitual nas comunicacións científicas, e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

En relación con esta última cómpre indicar que a aplicación das tecnoloxías dixitais xunto aos principios do DUA permiten un elevado grao de personalización do currículo fundamental nun ensino inclusivo que debe proporcionar a tódalas persoas oportunidades equitativas para aprender.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Caderno/carpeta de clase. O alumnado precisa un soporte físico no que tomar notas e organizar e estruturar os contidos e as tarefas relacionadas coa materia. |
| Libro de texto. |
| Material fotocopiado con apuntamentos e/ou exercicios. |
| Pizarra dixital e convencional. |
| Laboratorio de Física e Química debidamente equipado con material e instrumental. |
| Ordenador Edixgal/ordenador aula informática. |
| Entorno e material da biblioteca do Centro. |
| Tableta de escritura dixital. |

O emprego conxunto de tódolos materiais en diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe contribuirá a unha mellor adquisición dos obxectivos e das competencias clave que debe acadar o alumnado. Así:

-O alumnado precisa un soporte físico no que tomar notas e organizar e estruturar os contidos e as tarefas relacionadas coa materia e para iso disporá dun caderno ou dunha carpeta na que gardará o material adquirido por el mesmo ou subministrado polo profesorado.

-A maiores poderá dispor dun libro de texto, xa que resulta interesante que o alumnado posúa un libro de consulta no que poida atopar recursos didácticos para ampliar ou mellorar a aprendizaxe.

-Na aula clase o profesor empregará a pizarra dixital pois permite maior versatilidade á hora de explicar os contidos.

-Na materia de Física e Química faise imprescindible o uso dun laboratorio para que o alumnado poida tocar e experimentar persoalmente co material básico de laboratorioCa realizando pequenas experiencias.

-O ordenador persoal é necesario para que o alumnado poida traballar con aplicacións virtuais, consultar información, e realizar tarefas de investigación.

-A biblioteca do centro é un entorno no que o alumnado poderá atopar material no que obter información para a resolución de certo tipo de actividades propostas e incluso poder traballar nel.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 2ºESO).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 2º de ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 20 | 20 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |
| Táboa de indicadores | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |

Criterios de cualificación:

A nota numérica de cada unidade didáctica calcularase segundo os seguintes criterios:

- As probas escritas contarán un 70% da nota de cada unidade didáctica. Como mínimo realizarase unha proba por cada unidade didáctica. No caso de facer máis de unha proba por unidade (para facilitar a avaliación do alumnado), a nota correspondente a ditas probas será a media ponderada entre as cualificacións obtidas tendo en conta o peso dos CA traballados.

- No 30% restante da nota da unidade terase en conta:

a) O traballo na aula e a realización das actividades solicitadas polo profesorado durante as sesións da materia (10%).

b) Actividades periódicas de atención na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver (10%).

c) Producións do alumnado: informes de prácticas de laboratorio, presentación orais, vídeos, ou outros traballos ou proxectos que se propoñan (10%).

A nota de cada avaliación trimestral será a media ponderada das unidades traballadas no trimestre segundo o peso que teñen asignado. Unha avaliación trimestral considérase superada se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10.

A nota no boletín informativo trimestral será a resultante de aplicar o seguinte redondeo: se o primeiro número decimal da cualificación é cinco ou máis de cinco a nota redondearase ó enteiro máis próximo (5,5 redondearase a 6).

A cualificación da avaliación ordinaria será a media ponderada das unidades traballadas durante o curso, unha vez realizadas as probas de recuperación (no caso de que as houbera). O cálculo desta nota farase tomando os datos non redondeados obtidos para o cálculo da nota trimestral e non a do boletín informativo trimestral.

A materia quedará aprobada se a cualificación desta avaliación é 5 ou máis de 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Durante o curso:

O alumnado que non teña superada algunha das avaliacións parciais deberá revisar os modelos de exame dos diferentes controis realizados e non superados, así como as tarefas realizadas en clase nas unidades correspondentes ós parciais suspensos e facer as tarefas de repaso e reforzo que se vaian propoñendo, de ser o caso, ó longo do curso na aula virtual, preguntando as dúbidas ó profesor.

Despois da terceira avaliación:

Aquel alumnado que despois da terceira avaliación teña unha nota media do curso inferior a 5 puntos poderá realizar unha recuperación das avaliacións suspensas para intentar recuperar a materia. A data desta recuperación será establecida coa suficiente antelación e anunciarase na aula virtual.

Nos exames de recuperación entrará toda a materia da avaliación suspensa, é dicir, non se fará unha recuperación por controis, senón por avaliacións. Exemplo: se na primeira avaliación se realizaron 2 controis, o alumnado que teña que recuperar a primeira avaliación (porque a media dos dous controis teña sido inferior a 5 puntos) terá que estudar a materia correspondente a esos 2 controis, aínda que algún deles o tivera aprobado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Establécese para a materia pendente Física e Química de 2º ESO un plan de recuperación, consistente na resolución guiada e pautada de problemas e cuestións sobre os contidos da programación impartidos durante o curso anterior, da que se fará un seguimento, e unha proba de recuperación. As porcentaxes coas que contribúe cada parte do plan de recuperación á nota da materia pendente indícase no seguinte esquema:

SEGUIMIENTO 40% Traballo e participación 10%

PLAN DE RECUPERACIÓN Realización e entrega de tarefas solicitadas 30%

PROBA DE RECUPERACIÓN 60%

A materia pendente quedará superada se a nota do plan de recuperación é cinco ou máis de cinco puntos. A nota do plan de recuperación redondearase ó enteiro máis próximo (5,5 redondearase a 6).

a) Seguimento do plan de recuperación: farao o profesor/a da materia do presente curso na propia aula.

b) Proba de recuperación: a nota da proba de recuperación coincidirá coa nota das probas escritas do trimestre. Se a nota media das probas escritas en algún trimestre é inferior a cinco puntos fará unha proba de recuperación sobre os bloques de contidos correspondentes a ese trimestre do curso pendente (60 %).

c) Nota da materia pendente: a nota final da materia pendente será a media das notas trimestrais do plan de recuperación.

- O alumnado coa materia superada pode dársele a opción de mellorar a cualificación na parte correspondente ás probas de recuperación (60%) mediante a realización dunha proba de toda a materia pendente que se realizará antes da avaliación ordinaria.

-O alumnado coa materia non superada, realizará unha proba extra de recuperación do/s trimestre/s non superados antes da avaliación ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

Para poder atender axeitadamente á diversidade da aula propoñeranse actividades variadas que permitan atender ós múltiples intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Ademais, na medida do posible, propoñeranse tarefas que se poidan adecuar ós ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, unhas que sirvan para ampliar os coñecementos do alumnado máis avaxado e outras para reforzar as aprendizaxes imprescindibles do alumnado con máis dificultades. Segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado do centro solicitarase atención individualizada ó alumnado que o precise en coordinación co departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita: mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| ET.2 - Expresión oral: traballárase nas presentacións sobre diferentes temáticas (Obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais...), así como en pequenos debates e similares. | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual: fomentárase a creación de material audiovisual. | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital: mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento: terase en conta especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación, a proposta de hipóteses e a súa comprobación, ou a proposta de accións de mellora na sociedade. | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico: é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores: mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos. | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Igualdade de xénero: no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas. | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade: terase en conta o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento. | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|
| Obradoiro de divulgación científica. | Farase un obradoiro de divulgación científica a cargo de David Ballesteros. Realizarase durante o primeiro trimestre co obxectivo de motivar ao alumnado, promover a conciencia científica tendo a posibilidade de participar en dinámicas diferentes. | | X | |
| Charla divulgativa sobre a importancia do aforro enerxético. | Farase durante o terceiro trimestre cincidindo co desenvolvemento da unidade didáctica 4 (A enerxía eléctrica) | | | X |

Observacións:

Estas actividades realizaranse sempre que sexa posible e viable tendo en conta o orzamento e dispoñibilidade do divulgador ou divulgadora.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Segundo o número de sesións que houbo que reaxustar na programación: 1(> 25%), 2 (15% < n < 25%), 3 (5% < n < 15%), 4 (< 5%) |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ó que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3(4) e 4(5). |
| Medidas de atención á diversidade |
| Usando como indicador de logro o éxito académico do alumnado ó que se lle aplicaron medidas de atención á diversidade, ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de exito da medida: 1(<50%) 2 (<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) 4 (>90%). |

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Usando como indicador a coordinación do profesorado, medido conforme ó que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3(3) e 4(4).

Descrición:

APROVEITAMENTO DE RECURSOS DISPOÑIBLES NO CENTRO E NO CONTORNO PARA DESENVOLVER AS PROGRAMACIÓNS.

Responder SI ou NON ós seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas aportándoas se a resposta é NON). Entre outras evidencias deberase ter en conta as respostas do alumnado ós ítems.

ÍTEMS

- 1.-Utilízase o aula virtual?
- 2.-Utilízase a biblioteca?
- 3.-Utilízanse os laboratorios?
- 4.-Particípase nos proxectos formativos do centro?
- 5.-Particípase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno?
- 6.-Aprovéitanse charlas divulgativas organizadas por institucións públicas para o desenvolvemento do currículo?

COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Responder SI ou NON ós seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas aportándoas se a resposta é NON).

ÍTEMS

- 1.-Deséñanse tarefas interdisciplinarias?
- 2.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias?
- 3.-Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais?
- 4.-Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo?
- 5.-Faise participe e coñecedora ás familias e/ou persoas titoras legais das actividades do centro?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademáis da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

Como indicador de logro da adecuación da programación propónse un baseado na valoración das aprendizaxes acadadas polo alumnado e na eficacia das medidas de atención á diversidade, ponderando o éxito académico acadado tras cada avaliación entre 1 e 4 do seguinte xeito: 1(50%), 2(75%, >50%), 3 (90%, >75%) e 4 (>90%). En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados